



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipio: Vigo. Parroquias: Santa Baia de Alcabre, Vigo, San Salvador de Teis e Santa Cristina de Lavadores. Extensión: 10,68 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade urbana con liña de costa modificada practicamente na súa totalidade localizándose pequenos enclaves máis conservados no extremo sudoccidental, na costa de Alcabre, onde se identifican tramos de cantil baixo alternando con pequenas praias como as do Carril, Alcabre ou Bouzas. O relevo está formado por unha vertente máis suave no extremo sudoccidental da unidade, no dominio dos materiais graníticos, e de pendente en xeral moderada no resto culminando nunha serie de elevacións montañosas que na súa cota máxima non superan os 270 m snm.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A litoloxía de base desta unidade organízase de acordo a unha estrutura segundo a cal as bandas dos distintos grupos litolóxicos se dispoñen seguindo unha orientación N.-S. Cara ao oeste faise máis difícil a clasificación, xa que aínda sendo o dominio das granodioritas con megacristais feldespáticos, estas conviven con outro tipo de rochas graníticas con distinta afinidade: os granitos de afinidade alcalina. Na baía de Bouzas ata a metade da cidade de Vigo, o dominio litolóxico volve estar do lado dos granitoides de afinidade calcoalcalina en serie precoz: microgranodioritas e carzodioritas; sobre as que se dispoñen en bo número, lentellóns de paragneises con plaxioclasas e biotita e micaxistos, que pasan a ser dominantes no sector oriental da unidade. Esta última dominancia está tan só interrompida por unha estreita banda de gneises de riebeckita que se prolonga dende o leste da cidade ata a Punta de Areño.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido caracterizado por valores medios de temperatura superiores a 15° C ao ano e precipitación media anual acumulada entre 1200 mm e 1400 mm. A oscilación térmica varía entre 12,5°C e 13,5°C. Lixeiro incremento das precipitacións no extremo oriental da unidade, na área da Madroa, que se inclúe no ambiente Cálido-Moi Húmido (rango de precipitacións entre 1400 mm e 1600 mm).

OS SOLOS

Unidade netamente urbana, o que condiciona as súas características edáficas. A intensa transformación da paisaxe e polo tanto dos solos, trouxo como consecuencia o dominio case absoluto dos antrosoles. Esta homoxeneidade tan só rompe en casos puntuais ao longo da vertente e nos arenosoles costeiros do extremo occidental da unidade.


AS AUGAS

A unidade, situada nas ladeiras dos Montes do Galiñeiro e nunha estreita chaira litoral, non conta cunha rede hidrográfica destacable. As augas de escorrentía que verten ás Augas Costeiras de Vigo (20175) distribúense en varias canles de escasa entidade volumétrica.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade urbana da cidade de Vigo na que non existe patrimonio natural a conservar, protexer ou valorar. Por citar ambientes que aparecen na fronte costeira pódese dicir que no Monte da Guía, extremo oriental da unidade, aparecen acantilados que deberían incluírse no hábitat 1230, cantís mariños atlánticos e praias de seixos, pero que desenvolven escasamente especies vexetais propias do ambiente. Igualmente alteradas atópanse as chairas intermareais e submareais superficiais (hábitats 1110 e 1140) do extremo occidental da unidade, entre Bouzas e Punta do Muíño.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Esta unidade corresponde á zona central da cidade de Vigo, polo que predomina case na súa totalidade un tecido urbano denso e compacto, aínda que nalgúns puntos, como entre Coia e Bouzas ou entre o Calvario e o Monte da Guía, existen aínda restos de usos agrícolas, así como zonas forestais, reconvertidas nos parques públicos da Guía e O Castro. A franxa litoral está ocupada na súa práctica totalidade por usos portuarios.

MORFOLOXÍA

Vigo (considerado núcleo de identidade do litoral) é o resultado dun proceso de crecemento moi acelerado, provocado pola atracción exercida durante décadas polas importantes actividades económicas desenvolvidas na cidade (industria naval, porto, sector do automóbil). A ocupación de amplas zonas do territorio por edificacións unifamiliares outorga a Vigo unha das súas principais peculiaridades morfolóxicas, pois os tecidos urbanos compactos ocupan só unha parte relativamente reducida da cidade, que precisamente coincide en boa medida co ámbito desta unidade de paisaxe. Este modo peculiar de asentamento converteu a Vigo nunha cidade de bordos difusos, que se estende de forma case continua ao longo da fronte litoral, cara aos vales de penetración e mesmo ocupando as ladeiras dos montes que a pechan cara ao sur. A súa organización interna presenta moita diversidade, pois en boa parte do territorio conviven diferentes tipoloxías de uso residencial, usos industriais, dotacionais e tamén restos do substrato agrícola e forestal. Todo isto converte a Vigo na cidade non só máis poboada senón tamén na máis complexa de Galicia. Nesta unidade identifícanse ademais os núcleos de Alcabre e Bouzas como núcleos de identidade do litoral.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Na zona central da cidade conflúen as principais infraestruturas de mobilidade de Vigo. A estación de ferrocarril sitúase cara ao centro da unidade, nun punto medio entre Teis e O Castro. A autoestrada AP-9 desemboca na cidade xunto á estación, dende onde o eixe Gran Vía-Avenida de Castelao constitúe unha rolda que delimita a unidade e tamén a cidade compacta. O Primeiro Cinto de Vigo remata en Bouzas, conformando o elemento principal de conexión do porto e articulando o complexo proceso de produción-comunicación que implica a factoría de PSA-Citroen. Ao longo de toda a fronte da unidade desenvólvense infraestruturas portuarias, que dan servizo, entre outros moitos usos, ao transporte de ría que comunica Vigo con Cangas e Moaña.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Vigo conta con numerosos espazos de interese de entre os que destaca o Monte do Castro considerado como o enclave orixinal da cidade, dentro do casco vello aparecen representados algúns Bens de Interese Cultural na Praza da Constitución, a rúa Real, a casa nº 4 da praza da Almeida e a colexiata de santa María. Dentro da propia urbe destaca a presenza de numerosos edificios e casas cuxa tipoloxía arquitectónica lles valeu a súa inclusión en numerosos catálogos de protección (Pazo dos Escudos, Teatro García Barbón, Casa Joaquín Pérez Boulosa ou a Casa de los Hermanos Suárez entre outras). O patrimonio relixioso maniféstase en diversas igrexas de bela factura como a de Santiago de Bembrive, San Salvador de Coruxo, Santa María de Castrelos ou a concatedral de Santa María de Vigo, unha antiga colexiata rematada de construír no ano 1836. Vigo conta con un abundante tecido industrial no que permanecen elementos patrimoniais salientables como fábricas, oficinas de armadores e tamén outros elementos patrimoniais vencellados co mar como o Real Clube Náutico.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade constitúe só a parte central da cidade de Vigo, cuxa complexidade e extensión superficial supera mesmo o termo municipal, conformando un agregado social e funcional de carácter metropolitano, organizado fundamentalmente ao longo das vías de comunicación e no que a ría xoga un papel esencial. Trátase dun complexo metropolitano menos focalizado que por exemplo a área da Coruña, debido en parte a que ocupa unha maior extensión, pero tamén ao feito de que a cidade central comparte protagonismo coa ría de Vigo, que non só non constitúe un elemento de separación, senón que é o gran foco da personalidade da área. A posición da cidade na beira sur da ría, a súa forma lineal e unha topografía acusada contribúen a reforzar o protagonismo da ría e tamén provocan que as infraestruturas non sigan un modelo radial, senón de rolda, o cal reforza a vinculación entre amplas zonas do territorio, dende Redondela ata o Val Miñor.

DINÁMICA DA PAISAXE

A época do desenvolvemento acelerado (a partir de 1960) supuxo a consolidación de Vigo como un dos Polos de Desenvolvemento galegos promovidos dende o goberno central. Esta fase está ligada ao desenvolvemento da actividade portuaria e abrigo á instalación de Citroën, coas súas industrias auxiliares, feito que suporá un punto de inflexión no crecemento demográfico e urbano da cidade. Rompe neses anos coa estrutura máis ou menos compacta do Vigo antigo ensanchándose cara aos eixes de comunicación a través dos novos espazos industriais e áreas residenciais. Constitúese o núcleo urbano da cidade que practicamente duplicará a súa poboación ata chegar aos anos 80 onde se produce un cambio significativo ligado á perda de efectivos no núcleo urbano a favor da súa periferia. Estes condicionantes históricos fixeron desaparecer os espazos agrícolas a favor das áreas industriais e as zonas residenciais que na actualidade configuran a paisaxe dunha das cidades máis dinámicas de Galicia.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A súa situación ao longo da beira da ría, a pendente das ladeiras que a pechan polo sur e a ocupación case total da fronte litoral por usos portuarios confiren a Vigo un carácter paisaxístico moi singular. O mar ten unha presenza moi destacada nas perspectivas que se abren dende os espazos urbanos, e á súa vez estes, e a cidade no seu conxunto, ofrécense, co pano de fondo das ladeiras dos montes, como elemento principal da escena paisaxística dende case todos os puntos de observación da ría. Así, unha realidade netamente urbana e con morfoloxías moi diversas, adquire neste papel unha condición unitaria, complexa como o é a súa esencia, matizada por diversos elementos de referencia (como o Monte da Guía ou o Castro) que interaccionan con outros, situados en diferentes puntos da ría (como as Cíes, a ponte de Rande, as bateas ou as embarcacións) para conformar entre todos unha paisaxe no que están presentes os valores naturais pero que tamén pon de manifesto a forza produtiva dun dos principais focos económicos de Galicia.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS








A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.309

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



